

CONVENIO CMATV-FGC PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA

Memoria da actividade 2.020

ÍNDICE	
ACTIVIDADE I (Cursos de formación)	1-14
1. Destinatarios	2
2. Duración	2
3. Contidos	3-4
3.1 Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza	3
3.2 Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios	4
4. Relatores	4-5
5. Participación e avaliación	5-6
6. Certificado de asistencia	6-7
7. Material didáctico	7
8. Actas de inscrición e avaliación	8
9. EscolaDeCaza.gal	8-9
10. Difusión dos cursos	10-12
11. Enquisa de satisfacción	13-14
ACTIVIDADE II (Campañas de Divulgación e Fomento da Actividade Cinexética)	15-16
XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO	17-19
ANEXO 1 ACTAS DE INSCRICIÓN E AVALIACIÓN	20-33
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza	21-26
Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios	27-33

Actividades de Formación e Divulgación

ACTIVIDADE - I

CURSOS DE FORMACIÓN

ACTIVIDADE I: CURSOS DE FORMACIÓN.

A crise sanitaria actual motivada pola expansión da COVID-19 que nos afecta a toda a sociedade e en todos os aspectos, fixo que a FGC, por prudencia sanitaria, evitara tamén a celebración presencial dos cursos e xornadas formativas que ven desenvolvendo anualmente en convenio coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O campus virtual da Escola de Caza, posto en marcha en edicións anteriores, permitiu que os cazadores, cómodamente, desde o seu domicilio, sen horarios nin desprazamentos, puideran seguir formándose sen por en risco nin a súa saúde nin a de terceiros.

Aínda que todos os datos apuntaban a que sería complicado, pola situación actual, manter os mesmos niveis de participación de edicións anteriores, o resultado -desde o punto de vista federativo- foi todo un éxito, con 380 alumnos matriculados.

Ademais do curso de ***Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza***, do que este ano se impartía a terceira edición virtual, tamén se poñía en marcha a primeira convocatoria online do curso de ***Seguridade na caza e primeiros auxilios***.

O esforzo foi inmenso. Se organizar cursos presenciais requiren dunha bagaxe e coordinación extraordinaria, facelo virtualmente foi todo un reto para os relatores pero tamén para a organización. A preparación, por escrito, dos 16 temas do ***Seguridade na caza e primeiros auxilios*** e a súa revisión para adaptalos ao colectivo ao que vai dirixida a formación, supuxo moito esforzo humano e moitas horas de traballo conxunto entre a FGC e os autores dos diferentes temas.

1. DESTINATARIOS.

1.1 FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:

Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.

O curso ía dirixido principalmente a responsables e directivos das sociedades de caza, administrativos e xestores, pero tamén a aqueloutras persoas interesadas en formarse na xestión interna, administrativa e documental deste tipo de entidades.

1.2 PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.

Esta formación estaba encamiñada particularmente aos responsables de cazaría e cazadores de caza maior, pero tamén a aqueloutros cazadores, gardería, responsables de sociedades e outros colectivos interesados en formarse en materia de seguridade e primeiros auxilios.

2. DURACIÓN.

Os alumnos dispoñían dun mes tanto para a realización do curso de ***Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza*** como para o de ***Seguridade na caza e primeiros auxilios***, iniciándose ambos os dous cursos o día 1 de outubro e finalizando o día 31 do mesmo mes.

Entre os días 24 e 31 de outubro aqueles alumnos que así o desexaban podían someterse a a un exame final para a valiar os coñecementos adquiridos.

3. CONTIDOS.

3.1 FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:

Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.

A formación de **Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza** constaba de 15 temas divididos en 4 bloques: **Lexislación, o réxime documental, o réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal, e as comunicacións internas e externas da asociación**, así como dun vídeo sobre seguridade nas cazarías.

Como novidade, nesta edición, incorporábase un tema sobre **a responsabilidade civil da sociedade nos danos a cultivos**, dentro do bloque de lexislación.

TEMA	TÍTULO
Bloque 1: LEXISLACIÓN.	
Tema 1:	Lei do Deporte de Galicia.
Tema 2:	Socios/as, admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.
Tema 3:	Os órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos.
Tema 4:	O proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral e candidaturas.
Tema 5:	O regulamento de réxime interno da asociación.
Tema 6:	A responsabilidade dos/as socios/as, directivos/as e sociedade.
Tema 7:	A responsabilidade civil da sociedade nos danos a cultivos. (NOVO)
Tema 8:	Os seguros de responsabilidade civil: responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade.
Bloque 2: O RÉXIME DOCUMENTAL.	
Tema 9:	Os libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: libro de rexistro de socios/as, libro de actas e libros de contabilidade.
Bloque 3: O RÉXIME ECONÓMICO, FINANCEIRO, PATRIMONIAL E FISCAL.	
Tema 10:	As contas anuais: o patrimonio, os dereitos e obrigacións; os ingresos e gastos; o orzamento e os requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.
Tema 11:	A responsabilidade do tesoureiro/a: disposición de fondos, facturas e forma de pago.
Tema 12:	As obrigas tributarias: CIF, exención do IVE, imposto de sociedades.
Bloque 4: AS COMUNICACIÓNS INTERNAS E EXTERNAS DA ASOCIACIÓN.	
Tema 13:	As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC.
Tema 14:	O plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores/as. Outras comunicacións.
Tema 15:	As comunicacións coa Consellería de competente en materia de caza: A aplicación informática de caza. Suposto práctico.
VÍDEO SOBRE SEGURIDADE NAS CAZARÍAS.	

3.2 PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.

A formación **de Seguridade na caza e primeiros auxilios** constaba de 16 temas divididos en 5 bloques: **Seguridade nas cazarías colectivas, lexislación, manipulación e seguridade no consumo de carne de caza, a contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza e primeiros auxilios.**

TEMA	TÍTULO
Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS.	
Tema 1:	Fase de inicio e preparación da cazaría.
Tema 2:	Fase de execución da cazaría.
Tema 3:	Finalización da cazaría.
Tema 4:	Normas de seguridade na caza e decálogo do cazador.
Tema 5:	Decálogo de Seguridade. O cazador novel.
Tema 6:	Protocolo sanitario fronte á COVID-19.
Bloque 2: LEXISLACIÓN.	
Tema 7:	As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías.
Tema 8:	Os seguros de responsabilidade civil: A responsabilidade civil do cazador e a responsabilidade civil da sociedade de caza.
Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA.	
Tema 9:	Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza: nocións xerais.
Tema 10:	Prevención de enfermidades: peste porcina africana (PPA) e triquinose.
Bloque 4: A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA.	
Tema 11:	O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.
Tema 12:	A imaxe do cazador/a e as redes sociais.
Bloque 5: PRIMEIROS AUXILIOS	
Tema 13:	Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras.
Tema 14:	Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns.
Tema 15:	Actuación ante o accidente do can.
Tema 16:	O botiquín de primeiros auxilios do cazador/a.

4. RELATORES.

15 relatores, especialistas nas diferentes materias impartidas, foron os encargados de elaborar os 31 temas impartidos en ambos os cursos (15 temas de **Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza**, e 16 temas de **Seguridade na caza e primeiros auxilios**) en coordinación coa FGC encargada do deseño e estrutura dos mesmos.

CURSO DE XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA

RELATOR/A	CARGO
Andrade Expósito, Dario	Técnico de Caza da CMATV. Cazador.
González Justo, M ^a Teresa	Avogada. Asesora Xurídica da FGC.
Nogueira Diz, Javier	Conselleiro de Mutuasport, Presidente da FGC. Cazador. Empresario.
Quintas Ramos, Diego	Enxeñeiro Técnico Agrícola. Cazador. Membro fundador das Xuventudes pola Caza.
Rey Cotelo, Mariluz	Téc. Sup. Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC.

CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS

RELATOR/A	CARGO
Andrade Expósito, Dario	Técnico de Caza da CMATV. Cazador.
Arrojo Reguera, Antón	Director Galicia Cinexética. Cazador. Biólogo.
Díaz Fernández, Silvia	Médico do SERGAS. Cazadora.
Fidalgo Álvarez, Luis Eusebio	Doutor en Veterinaria da USC. Cazador.
González Justo, M ^a Teresa	Avogada. Asesora Xurídica da FGC.
Moure Caneda, José	Coordinador da FGC ante a Secretaría Xeral para o Deporte dos Protocolos Fisicovid. Secretario Xeral da FGC. Cazador. Funcionario.
Nogueira Diz, Javier	Conselleiro de Mutuasport, Presidente da FGC. Cazador. Empresario.
Pallas Lage, Diego	Téc. Superior de Xestión Forestal e Conservación do Medio Natural. Representante das Xuventudes pola Caza. Cazador.
Sánchez Pontón, Carlos	Xornalista.
Vidal Lamela, José Manuel	Secretario Xeral FGC Lugo. Cazador. Funcionario.

5. PARTICIPACIÓN E AVALIACIÓN.

Os alumnos que realizaron a formación **podían optar por realizar ou non o cuestionario de avaliación final** que valoraría os coñecementos adquiridos durante os cursos como APTO ou NON APTO.

O cuestionario de avaliacións consistía en 50 preguntas tipo test sobre o temario impartido en cadaun dos cursos. Para resultar APTO os alumnos debían responder correctamente alomenos ao 60% das preguntas en 45 minutos. No cuestionario de *Seguridade na caza e primeiros auxilios* anuláronse 2 preguntas pola confusión que podían xerar algunhas respostas.

Dos 380 alumnos matriculados realizaron a proba de avaliación final o 75% deles, resultando APTOS o 99% dos que se someteron ao exame final.

CURSO	Total alumnos matriculados	Total presentados á avaliación final	TOTAL ALUMNOS APTOS	Puntuación media	% alumnos matriculados que se presentaron á avaliación final
Seguridade na caza e primeiros auxilios.	197	152	152	44,36 S/48	77%
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.	183	131	128	42,02 S/50	72%
	380	283	280		75%

Como Anexo 1 da presente memoria achéganse as actas de participación e avaliación.

6. CERTIFICADO DE ASISTENCIA.

Todos os alumnos que resultaron APTOS reciben un carné acreditativo así como un certificado de ter superados os cursos, con expresión dos contidos e das horas lectivas.

6.1 MODELO DE CERTIFICADO ESTENDIDO AOS ALUMNOS QUE SUPERARON Á AVALIACIÓN:



Federación Galega de Caza



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Don José Moure Caneda, en calidade de Secretario Xeral da Federación Galega de Caza.

CERTIFICA

Que Don/a _____ con DNI nº _____, realizou con aproveitamento o curso online de **Formación de Responsables de Sociedades de Caza "Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza" (3ª edición)**, impartido na aula virtual da Escola de Caza da FGC entre os días 1 e 31 de outubro de 2020, no que resultou **APTO**.

E para que conste aos efectos oportunos, expídese a presente certificación en Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2020.

yo po
O PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Javier Nogueira Diz Asdo.: José Moure Caneda

ÁREA FORMATIVA:

Curso online de Formación de Responsables de Sociedades de Caza: "Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza"

Bloque 1: LEXISLACIÓN.

Tema 1: O Deporte de Galicia.

Tema 2: Socios/as, admisión, clases, deberes e expulsión.

Tema 3: Os órganos de representación: convocatorias, competencias e candidaturas.

Tema 4: O proceso electoral: convocatoria, calendario, mesa electoral, mesa electoral e candidaturas.

Tema 5: O proceso interno da asociación.

Tema 6: A responsabilidade dos/as socios/as, directivos/as e colaboradores.

Tema 7: A responsabilidade civil da sociedade de caza.

Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade.

Bloque 2: O RÉXIME DOCUMENTAL.

Tema 9: Os libros de actas, libros de actas asociativas, a legalización: libro de actas de socios/as, libro de actas e libros de actas.

Bloque 3: O RÉXIME ECONÓMICO, FINANCIERO, PATRIMONIAL E FISCAL.

Tema 10: As contas e patrimonio, os ingresos e gastos, o patrimonio e os requisitos para gravar e pagar.

Tema 11: A disposición de fondos, facturas e forma de pago.

Tema 12: As tributacións: CIF, exención do IVE, imposto de sociedades.

Bloque 4: AS COMUNICACIÓNS INTERNAS E EXTERNAS DA ASOCIACIÓN.

Tema 13: As comunicacións de Entidades Deportivas e coa FGC.

Tema 14: O plan de ordenación, plan de cazadores/as, comunicación de resultados e relación de cazadores/as.

Tema 15: As comunicacións de competente en materia de caza: A aplicación informática de caza.

VÍDEO SOBRE SEGURIDADE NAS CAZARÍAS.




Don José Moure Caneda, en calidade de Secretario Xeral da Federación Galega de Caza.

CERTIFICA

Que Don/a _____ con DNI nº _____, realizou con aproveitamento o curso online de **Prevención da siniestralidade e seguridade na práctica cinexética: "Seguridade na caza e primeiros auxilios" (1ª edición)**, impartido na aula virtual da Escola de Caza da FGC entre os días 1 e 31 de outubro de 2020, no que resultou **APTO**.

E para que conste aos efectos oportunos, expídese a presente certificación en Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2020.

yo po
O PRESIDENTE, O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Javier Nogueira Diz Asdo.: José Moure Caneda

ÁREA FORMATIVA:

Curso online sobre Prevención da siniestralidade e seguridade na práctica cinexética: "Seguridade na caza e primeiros auxilios"

Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS.

Tema 1: Fase de inicio e preparación da cazaría.
Tema 2: Fase de **seguridade** da cazaría.
Tema 3: Finalización da cazaría.
Tema 4: Normas de **seguridade** na caza e decálogo do cazador.
Tema 5: Decálogo de **seguridade**. O cazador novel.
Tema 6: Protocolo sanitario fronte á COVID-19.

Bloque 2: LEXISLACIÓN.

Tema 7: As **legislacións, decretos e resolucións** no desenvolvemento das cazarías.
Tema 8: Os seguros de **seguridade** civil: A **seguridade** civil do cazador e a **seguridade** civil do **seguridade** de caza.

Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA.

Tema 9: Manipulación e **seguridade** no consumo de carne de caza: **seguridade**.
Tema 10: Prevención de **seguridade** peste porcina africana (PPA) e **seguridade**.

Bloque 4: A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA.

Tema 11: O uso das novas **tecnoloxías** como **seguridade** de **seguridade**.
Tema 12: A **seguridade** do cazador/a e as redes **seguridade**.

Bloque 5: PRIMEIROS AUXILIOS

Tema 13: Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e **seguridade**.
Tema 14: Actuación ante **seguridade** tipo de accidente **seguridade** de **seguridade**.
Tema 15: Actuación ante o accidente do can.
Tema 16: O botiquín de **seguridade** auxilios do cazador/a.

6.2 MODELO DE CARNÉ DE TER SUPERADA A AVALIACIÓN:



FOTO

Federación Galega de Caza

DON.....

DNI.....

Resultou APTO no Curso de Xestión Interna e Administrativa dunha sociedade de caza, celebrado entre 1-30/10/2020

Santiago, a 2 de novembro de 2020

O PRESIDENTE DA FGC



FOTO

Federación Galega de Caza

DON.....

DNI.....

Resultou APTO no Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios, celebrado entre 1-30/10/2020

Santiago, a 2 de novembro de 2020

O PRESIDENTE DA FGC

7. MATERIAL DIDÁCTICO.

Os alumnos matriculados recibían por correo postal ordinario nos seus domicilios o seguinte material:

- 1 gorra laranxa.
- 1 chaleco laranxa.
- 1 libro de seguridade na caza.
- 1 diptico do decálogo do cazador.
- 1 diptico do triptico de seguridade.
- 1 mascarilla da FGC.
- 1 sinal de atención cazaría.




8. ACTAS DE INSCRIPCIÓN E AVALIACIÓN.

Como **Anexo 1** adxúntase á presente memoria a acta de avaliación de cadaún dos cursos, nos que figuran todos os alumnos matriculados, tanto aqueles que se presentaron á avaliación como aqueloutros que non.

As referidas actas conteñen **datos persoais e polo tanto suxeitos á normativa vixente de protección de datos**, polo que dita información ten como única finalidade a xustificación dos cursos que nos ocupan, non podendo ser utilizada para unha finalidade distinta, debendo adoptarse as medidas necesarias para garantir a súa confidencialidade, sendo responsable o destinatario da información fronte á FGC dos danos e prexuízos causados que se deriven de reclamación de terceiros ou da AEPD, sempre e cando sexan consecuencia do incumprimento das anteriores obrigas.

9. EscolaDeCaza.gal

Imaxes da plataforma online da EscolaDeCaza.gal a través da que se impartían os cursos de **Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza** e de **Seguridade na caza e primeiros auxilios**:



Aula Virtual - Cursos Online da FGC

Vostede accedeu como **Federación Galega de Caza**

Panel de control

- Inicio do sitio
- Calendario
- Ficheiros privados
- Os meus cursos

Vista xeral de cursos

▼ All (except hidden) Course name Card

Cazadores
Prevención da sinistralidade e seguridade na ...
100% complete

Sociedades
Xestión interna e administrativa dunha ...
100% complete

Amosar 12

Calendario
Novembro 2020

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
						1
2	3	4	5	6	7	8

Aula Virtual - Cursos Online da FGC

Xestión Sociedades 2020

- Participantes
- Insignias
- Competencias
- Cualificacións
- Xeral
- Información xeral do curso
- Bloque 1: LEXISLACIÓN
- Bloque 2: O RÉXIME DOCUMENTAL
- Bloque 3: O RÉXIME ECONÓMICO, SANITARIO E DE CONSUMO

Información xeral do curso

No presente apartado preséntase a información xeral do curso. Esta información resúmese nos seguintes apartados cos seus correspondentes documentos que se adxuntan.

- CLÁUSULA DE REPRODUCCIÓN ☒
- TEMARIO E RELATORES ☐

Bloque 1: LEXISLACIÓN

Resumen de Lexislación...

- Tema 1: Lei do Deporte de Galicia. ☒
- Tema 2: Os socios ☒
- Tema 3: Os órganos de Goberno e Representación ☒
- Tema 4: O proceso electoral ☒
- Tema 5: O Regulamento de Réxime Interno ☒
- Tema 6: A responsabilidade de socios, directivos, e sociedade ☒

Aula Virtual - Cursos Online da FGC

Información xeral do curso

- Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS
- Bloque 2: LEXISLACIÓN
- Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA
- Bloque 4: A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA
- Bloque 5: PRIMEIROS AUXILIOS
- EXAME

Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS

- Tema 1: Fase de inicio e preparación da cazaría. ☒
- Tema 2: Fase de execución da cazaría. ☒
- Tema 3: Finalización da cazaría. ☒
- Tema 4: Normas de seguridade na caza. ☒
- Vídeo: Seguridade nas Cazarías ☒
- Tema 5: Decálogo do cazador. O cazador novel. ☒
- Tema 6: Protocolo sanitario fronte ao COVID-19 ☒

Bloque 2: LEXISLACIÓN

- Tema 7: As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías ☒
- Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil ☒

Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA

10. DIFUSIÓN DOS CURSOS.

A finais do mes de agosto poñíase en marcha a organización dos cursos, remitíase o programa á Consellería CMATV para o seu visto e prace, e a continuación difundíase por mail entre as sociedades de caza e cazadores federados, e tamén a través das redes sociais, páxina web e revista *Galicia Cinexética* co obxecto de chegar a outros interesados e a non federados:

INSCRICIÓNS

GRATUÍTAS. Ata o 15 de setembro de 2020, enviando o boletín de inscrición a: escola@federaciongalegadecaza.com

Máis información en ESCOLA DE CAZA – FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
981 562 777

CURSOS

- FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza
- PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA DA CINEXÉTICA
Seguridade na caza e primeiros auxilios

DESTINATARIOS/AS

Representantes e directivos/as de sociedades de caza, cazadores/as e responsables de cazaría.

DURACIÓN

O alumnado disporá dun mes para a realización dos cursos, que estarán dispoñibles na plataforma virtual da Escola de Caza desde o 1 ao 31 de outubro. A avaliación poderá realizarse entre os días 24 e 31 de outubro.

SITUACIÓN

Campus virtual da Escola de Caza: www.escoladecaza.gal

Os/as alumnos/as recibirán diverso material de seguridade na caza e aqueles/as que superen a avaliación recibirán DIPLOMA acreditativo do curso.



EscolaDeCaza.gal

CURSOS ONLINE 2020

Campus virtual da EscolaDeCaza.gal

FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza – 3ª convocatoria online

PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA
Seguridade na caza e primeiros auxilios – 1ª convocatoria online

Matrícula gratuita

Data límite: 15 de setembro de 2020
Solicita o boletín de inscrición na Federación
981 562 777
escola@federaciongalegadecaza.com

CURSO DE FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA

Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza

TEMARIO

Bloque 1: LEXISLACIÓN.
Tema 1: Lei do Deporte de Galicia.
Tema 2: Socio/as: admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.
Tema 3: Os órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos.
Tema 4: O proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral, candidaturas.
Tema 5: O Regulamento de Réxime Interno da asociación.
Tema 6: A responsabilidade dos/as socios/as, directivos/as, e sociedade.
Tema 7: A responsabilidade civil da sociedade nos danos a cultivos⁽¹⁾.
Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil (responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade).

Bloque 2: O RÉXIME DOCUMENTAL.
Tema 9: Os libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: libro de rexistro de socios/as, libro de actas, e libros de contabilidade.

Bloque 3: O RÉXIME ECONÓMICO, FINANCIERO, PATRIMONIAL E FISCAL.
Tema 10: As contas anuais: o patrimonio, os dereitos e obrigacións; os ingresos e gastos; o orzamento e os requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.
Tema 11: A responsabilidade do tesoireiro/a: disposición de fondos, facturas, e forma de pago.
Tema 12: As obrigas tributarias: CIF, Exención de IVE, Imposto de Sociedades.

Bloque 4: AS COMUNICACIÓNS INTERNAS E EXTERNAS DA ASOCIACIÓN.
Tema 13: As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC.
Tema 14: O plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarias, comunicación de resultados e relación de cazadores/as. Outras comunicacións.
Tema 15: As comunicacións coa Consellería competente en materia de caza: A aplicación informática de caza, suposto práctico.

Vídeo sobre seguridade nas cazarias.
Os/as representantes das sociedades de caza titulares de Tecores, son os/as responsables de nomear ao Responsable de Cazaría. Esta designación, polas responsabilidades que elo conleva, deberá recaer nunha persoa con coñecementos e experiencia na organización de cazarias colectivas de acordo coa normativa legal e con respecto aos principios de prudencia e seguridade.

Cuestionario.
O alumnado deberán responder a un cuestionario tipo test de 50 preguntas, considerándose aptos/as aqueles/as que respondan correctamente alomenos ao 60% das preguntas.

As persoas que superen a avaliación recibirán certificado e CARNÉ acreditativo.

Material:
Coa inscrición do curso os/as alumnos/as recibirán diverso material (gorra e chaleco de seguridade, sinal de "atenção cazaría", guía informativa de seguridade na caza, decálogo de seguridade, etc.).

(1) Tema NOVO.

PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA

Seguridade na caza e primeiros auxilios

TEMARIO

Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARIAS COLECTIVAS.
Tema 1: Fase de inicio e preparación da cazaría.
Tema 2: Fase de execución da cazaría.
Tema 3: Finalización da cazaría.
Tema 4: Normas de seguridade na caza.
Tema 5: Decálogo do cazador. O cazador novel.
Tema 6: Protocolo sanitario fronte ao COVID-19.

Vídeo sobre a seguridade nas cazarias.
O/a responsable de cazaría ten a responsabilidade de organizar a actividade cinexética de acordo coa normativa legal e con respecto aos principios de prudencia e seguridade, respondendo do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daqueles, especialmente no que se refire á identificación e aptitude das persoas participantes, colocación dos cazadores ou cazadoras nos seus postos e adopción das medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento da actividade.

Bloque 2: LEXISLACIÓN.
Tema 7: As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarias.
Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil: A responsabilidade civil do cazador e a responsabilidade civil da sociedade de caza.

Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA.
Tema 9: Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza: noções xerais.
Tema 10: Prevención de enfermidades: peste porcina africana (PPA) e triquinose.


Bloque 4: A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA.
Tema 11: O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.
Tema 12: A imaxe do/a cazador/a e as redes sociais.

Bloque 5: PRIMEIROS AUXILIOS.
Tema 13: Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras.
Tema 14: Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns.
Tema 15: Actuación ante o accidente do can.
Tema 16: O botiquín de primeiros auxilios do cazador/a.

Cuestionario.
O alumnado deberán responder a un cuestionario tipo test de 50 preguntas, considerándose aptos/as aqueles/as que respondan correctamente alomenos ao 60% das preguntas.

As persoas que superen a avaliación recibirán certificado e CARNÉ acreditativo.

Material:
Coa inscrición do curso os/as alumnos/as recibirán diverso material (gorra e chaleco de seguridade, sinal de "atenção cazaría", guía informativa de seguridade na caza, decálogo de seguridade, etc.).









Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

[Inicio](#)
[Calendario](#)
[Buscar](#)
[Contacto](#)

[A Federación](#)
[Federados](#)
[Sociedades](#)
[Competicións](#)
[Lexislación](#)
[Taboleiro](#)
[Galería](#)



Novas

CAMPUS VIRTUAL

A FGC retoma, un ano máis, os Cursos Online para a Formación e Seguridade do cazador

24/08/2020

Federación



Nas vindeiras semanas a Federación Galega de Caza da a apertura ao seu Campus Virtual (EscolaDeCaza.gal) coa realización da 3ª convocatoria do Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza e a 1ª edición online sobre a Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética.

Un campus virtual que adquire nesta edición unha maior relevancia e interese, o seu formato online garante a seguridade fronte a Covid-19 ao mesmo tempo que facilita e da comodida ao alumno que desexe participar, non véndose limitado polos horarios ou os desprazamentos.

Ditos cursos van dirixidos a representantes e directivos de sociedades de caza, cazadores ou responsables de cazaría, cunha duración dun mes para a realización dos mesmos e estando dispoñibles na plataforma virtual da Escola de Caza dende o día 1 ao 30 de outubro. A avaliación realizarase entre os días 24 e 30 de outubro.

A temática dos cursos poderase consultar na web www.escoladecaza.com e os alumnos inscritos recibirán diverso material de seguridade na caza, así como o correspondente Diploma acreditativo se superan a avaliación dos mesmos.

Lembra que a matrícula é totalmente gratuita e a data límite para cursala é ata o vindeiro 15 de setembro, descarga o boletín de inscrición e envíao a escola@federaciongalegadecaza.com. A que agardas? Fai a tua inscrición e entra nun sorteo de obsequios federativos... Cazador formado! Cazador seguro!

[Descargar boletín de inscrición](#)

[Descargar programa](#)



Campus Virtual
A FGC retoma, un ano máis, os Cursos Online para a Formación e Seguridade do Cazador

EscolaDeCaza.gal
CURSOS ONLINE 2020
Campus virtual da EscolaDeCaza.gal

A Federación Galega de Caza, a través da plataforma online da EscolaDeCaza.gal posta en marcha no pasado ano 2018, pretende que nin a falta de tempo nin a distancia sexan un impedimento para que os cazadores/as, directivos/as de sociedades, deportistas, etc. que queiran continuar formándose ou adquirir novos coñecementos poidan facelo confortablemente desde calquera recuncho de Galicia con acceso a internet, sen problemas nin de horarios nin de desprazamento.

O campus virtual da FGC arranca a 3ª convocatoria do Curso "Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza", no que incorpora como novidade o "Tema 7: A responsabilidade civil da sociedade de caza nos danos a cultivos", no que os/as relatores/as, expertos/as nesta materia, explican dun xeito sinxelo a responsabilidade na que poderían incurrir as sociedades de caza titulares de tecores no caso dos danos que ocasionan nos cultivos os animais de caza.

O curso "Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza" está dividido principalmente aos responsables, gestores/as e directivos/as deste tipo de entidades pero tamén a aquelas persoas interesadas en formarse na xestión asociativa.

A través deste curso básico o alumno aprenderá dun xeito fácil a administrar os recursos alíneos con prudencia e boas prácticas, que deben ser o eixe fundamental na administración e goberno deste tipo de entidades.

A preocupación pola seguridade sanitaria motivada pola situación actual da emerxencia sanitaria do Covid-19, levou á FGC a deixar de realizar este ano os cursos presenciais de Seguridade na caza e primeiros auxilios que vira impartindo presencialmente durante os últimos anos, e pon en marcha a través da EscolaDeCaza.gal unha aula virtual na que se impartirá a 1ª edición online do curso de "Seguridade na caza e primeiros auxilios" dentro do programa de Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética, ao tempo que agarda chegar a un maior número de cazadores polas comodidades que ofrece esta ferramenta para chegar a todos os recunchos con horarios flexibles e sen ter que desprazarse do seu domicilio.

O curso de Seguridade na caza e primeiros auxilios vai dirixido a responsables de cazarías pero tamén a directivos/as de sociedades e cazadores/as en xeral, principalmente de caza

 **Federación Galega de Caza**
10 de setembro -

A que agardas para inscribirte nos Cursos Online da FGC 2020
Curso de Formación e Responsabilidade de Sociedades de Caza e Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética
Data límite de inscrición ata o vindeiro día 15 de setembro
Toda a información en www.federaciongalegadecaza.com e www.escoladecaza.com
Totalmente gratuito !!

EscolaDeCaza.gal

CURSOS ONLINE 2020
Campus virtual da EscolaDeCaza.gal

2.279
Personas alcanzadas

109
Interacciones

[Promocionar publicación](#)

10

6 veces compartido

11. ENQUISA DE SATISFACCIÓN.

Durante o desenvolvemento dos cursos, tanto no de *Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza* como no de *Seguridade na caza e primeiros auxilios*, co obxecto de mellorar a calidade formativa, pedíase aos alumnos que responderan a un cuestionario relacionado coa formación impartida solicitándolle que responderan con obxectividade.

A enquisa era anónima e voluntaria.

11.1 RESULTADOS DA ENQUISA.

2 alumnos de cada 5 manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida, respondendo a enquisa.

CURSO	Total alumnos matriculados	Total enquisas contestadas	% alumnos que responderon enquisa
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.	183	69	38%
Seguridade na caza e primeiros auxilios.	197	74	38%
	380	143	38%

Á pregunta *“¿resolveu as súas dúbidas?”*, o 64% dos enquisados sinalan que as resolveu “totalmente”, mentres que o 36% manifestan telas resolto “nalgún casos”.

Preguntados sobre *“¿Cómo atopou o contido do curso?”*, 7 enquisados de cada 10 sinalan que “moi útil”, mentres que 3 de cada 10 responden que o atopan “aconsellable”.

E á pregunta *“¿acadou os obxectivos que agardaba?”*, 9,5 enquisados de cada 10% respondían que “si”, mentres que 0,50 de cada 10 manifestan telos acadados “de xeito parcial”.

PREGUNTAS	TOTAL RESPÓSTAS			% RESPÓSTAS		
	Xestión interna e admva dunha sdade de caza	Seguridade na caza e primeiros auxilios	TOTAL RESPÓSTAS	Xestión interna e admva dunha sdade de caza	Seguridade na caza e primeiros auxilios	% TOTAL RESPÓSTAS
¿Resolveu as súas dúbidas?						
Totalmente	41	50	91	59%	68%	64%
Nalgúns casos	28	24	52	41%	32%	36%
Case nunca	0	0	0			
NS/NC	0	0	0			
¿Como atopou o contido do curso?						
Moi útil	52	48	100	75%	65%	70%
Aconsellable	17	26	43	25%	35%	30%
Sen utilidade	0	0	0			
NS/NC	0	0	0			
¿Acadou os obxectivos que agardaba?						
Si	65	71	136	94%	96%	95%
De xeito parcial	4	3	7	6%	4%	5%
Non	0	0	0			
NS/NC	0	0	0			

Aos enquisados pedíase tamén que cualificaran de 0 a 10 a materia formativa impartida.

No curso de **Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza**, os relatorios cos que os enquisados amosaron maior satisfacción foron, por esta orde:

- O bloque 4, *As comunicacións internas e externas da asociación*, con 8,96 puntos.
- O bloque 2, *O réxime documental*, con 8,84.
- O bloque 1, *Lexislación*, con 8,81.
- E o bloque 3, *Réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal*, obtiña un 8,74 puntos.

CURSO DE XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA			
BLOQUE 1 Lexislación	BLOQUE 2 O réxime documental	BLOQUE 3 O réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal	BLOQUE 4 As comunicacións internas e externas da asociación
8,81	8,84	8,74	8,96

No curso **Seguridade na caza e primeiros auxilios**, os relatorios que máis gustaron aos enquisados foron, por esta orde:

- O bloque 1, *Seguridade nas cazarías colectivas* con 9,07 puntos.
- O bloque 3, *Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza*, con 8,88.
- O bloque 5, *Primeiros auxilios*, con 8,86 puntos.
- O bloque, 2, *Lexislación*, con 8,76
- E o bloque 4, *A contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza*, obtiña 8,68 puntos.

CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS				
BLOQUE 1 Seguridade nas cazarías colectivas	BLOQUE 2 Lexislación	BLOQUE 3 Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza	BLOQUE 4 A contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza	BLOQUE 5 Primeiros auxilios
9,07	8,76	8,88	8,68	8,86

Campañas de divulgación e fomento da actividade cinexética

ACTIVIDADE – I I

1. CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA.

Ademais do material divulgativo distribuído entre os participantes dos cursos formativos tal e como e sinalou nas páxinas anteriores, tamén se repartía a través ***Campaña de divulgación “Caza Seguro”***, entre cazadores e sociedades de caza, máis de 1.000 gorras, 600 chalecos, 600 sinais de atención cazaría, 250 lanyards portaemisoras, máis de 9.000 libros de seguridade na caza, e 1.600 dípticos do decálogo do cazador e seguridade na organización de cazarías, entroutro material.

